

# TIMELAPSE
# A ARTE DE CAPTURAR O TEMPO

A Academia Galega do Audiovisual organiza para o vindeiro sábado, 15 de decembro, unha conferencia sobre a técnica timelapse na Coruña.

A conferencia será impartida polo pioneiro desta técnica en España, Luis Caldevilla, que baixo o título "A arte de capturar o tempo" contaranos en que consiste esta técnica de composición de vídeos mediante a captura de imaxes fixas a determinados intervalos de tempo.

Ao longo da presentación ensinaranos a capturar secuencias para crear "vídeos acelerados" e mostraranos os trucos que adoita empregar á hora de realizar os seus traballos.

A conferencia terá lugar, ás 11.00 horas, na aula 9 do Centro Cultural "Ágora". A entrada será de balde ata completar aforo. É imprescindible inscribirse.

**Luis Caldevilla** durante máis de 20 anos traballou como realizador para diferentes canles de televisión e produtoras pero dende 2008 centrouse exclusivamente na técnica da fotografía a intervalos, converténdose así no pioneiro na divulgación da técnica timelapse en España. Ademais é o alma máter de www.timelapse.tv e ad ministrador do foro de referencia sobre esta técnica en lingua castelán.

Organiza:

Academia Galega do Audiovisual

Colabora:

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ÁGORA Centro Cultural para o Progreso Social